
AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS
DE ABONO

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2017 → 2018

VENRES 23
FEBREIRO 2018
20.30 h
Auditorio de Galicia

JONATHAN WEBB Director
ALEXANDRE KANTOROW Piano

Sala Mozart
19.45 h

Convers@ndo con
JONATHAN WEBB director

PROGRAMA

I

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)
Música para un funeral masónico en do menor

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835-1921)
Concerto para piano núm. 4 en do menor, op. 44

Allegro moderato. Andante
Allegro vivace. Andante. Allegro

Alexandre Kantorow, piano

II

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)
Sinfonía núm. 2 en do menor “Pequena Rusia” , op. 17

Andante sostenuto. Allegro vivo
Andantino marziale, quasi moderato
Scherzo. Allegro molto vivace
Finale. Moderato Assai - Allegro vivo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 20 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecelle ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Theologos Kouvatiss ***
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Claudio Guri

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Samira Ajkic
Irene Romero ***
Irina Gruia
Elina Viksne
Narazet Canosa (R)
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Carolina Uriz ***
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Jorge Merchán ***
Carlos García
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart
Miguel A. Luzárraga ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Silvia Rozas (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Cecilia Castro ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Germán Martínez ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Mario Vercher ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Adrián Lavía ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Juan Luis Novo (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Pablo Salgueiro (R)
M^a Isabel Diego (R)

JONATHAN WEBB

Director

Director Musical da Camerata Strumentale di Prato **Principal Director Invitado da Real Filharmonía de Galicia**

Estudou piano, violín, canto coral e dirección de orquestra en Manchester, onde debutou no Teatro da Ópera con *West Side Story*. Chamado por Gary Bertini ao Teatro da Ópera de Tel Aviv como director estable, dirixiu numerosas novas producións como *O cazador furtivo*, *Tosca*, *Madama Butterfly*, *Macbeth*, *Sansón e Dalila*, *A xudía*, *Fausto*, *A cincenta*, *A italiana en Alxer*, *O elixir de amor*, *Lucía de Lammermoor*, *Jenufa* ou *A raposiña astuta*. É convidado en teatros en toda Europa e colabora con asiduidade cos máis importantes teatros italianos, recentemente o Maggio Musicale Fiorentino, o Teatro Comunale de Boloña ou a Sagra Musicale Umbra en Perugia. Como director invitado do Teatro São Carlos de Lisboa, ten dirixido *Unha traxedia florentina*, *O cabaleiro avaro*, *O barbeiro de Sevilla*, *A navarra*, *Cavalleria Rusticana*; en Sevilla *A violación de Lucrecia*; en Marsella *A santa da rúa Bleeker*; en Niza *Historia do soldado*; en Dublín *As vodas de Fígaro* e *Falstaff*; e en Tenerife *the Turn of the screw*.

Na Ópera Alemá de Berlín dirixiu *Ascenso e caída da cidade de Mahagony*, *A forza do destino* e *Carmen*; na Ópera Popular de Viena *Don Pascual*, *O barón xitano*, *A frauta máxica*; e en Colonia *La Traviata*. Convidado por Valery Gergiev, ten dirixido *Lady Macbeth de Mtsensk* nunha coprodución entre a Ópera de Kirov e a Nova Ópera Israelí.

Dirixiu diversas óperas de Britten como *A violación de Lucrecia* no Maggio Musicale Fiorentino; *The turn of the screw* no Comunale de Boloña e no Petruzzelli de Bari; *A violación de Lucrecia*, *Peter Grimes* e *Billy Bud* no Carlo Felice de Xénova; *O soño dunha noite de verán* en Bari, Pisa, Livorno e Lucca; *Curlew River* no festival Sagra Musicale Umbra. No San Carlo de Nápoles *Elexía para xoves amantes* de Henze e *Così fan tutte* de Mozart; na Fenice *Tancredi* e *Elexía para xoves amantes*; no Massimo

de Palermo *Orfeo* de Gluck; en Verona *As vodas de Fígaro*, *Don Giovanni*, *Così fan tutte*; en Trento *O rapto no serrallo*; en Ferrara e Módena *A morte de Klinghoffer* de Adams; en Livorno e Módena *Cavalleria Rusticana* e *Pallasos*. Tamén se ten prodigado moito en Ravenna, Reggio Emilia e nos Teatros da Toscana (*Traviata*, *Falstaff*, *Acis e Galatea*). E traballou con importantes directores de escena como Daniele Abbado, Götz Friedrich, Hugo de Ana, Robert Carsen, Graham Vick, Pier Luigi Pizzi, Denis Krief, David Pountney, David Alden, Chiara Muti ou Andrea De Rosa. Púxose á fronte da Orquestra de Santa Cecilia de Roma con The Kings Singers, a Camerata Strumentale di Prato e a Orchestra del Maggio Musicale Fiorentino en Florencia con motivo do 70 aniversario de Henze. Ten sido convidado en varias ocasións pola Orquestra Sinfónica de Galicia. En Israel levou a batuta da Orquestra Sinfónica de Xerusalén, Israel Sinfonietta e Orquestra de Cámara de Israel. Colaborou con solistas do talle de Shlomo Mintz, Vadim Repin, Fazil Say, Arabella Steinbacher, Louis Lortie ou Alexander, entre outros moitos.

Ten participado en diversos festivais como Caesarea, A Coruña, Wexford, Caracalla, Settembre Musica coa Orquestra da RAI de Torino e o Festival Litúrxica de Xerusalén. Foi convidado por Seiji Ozawa ao Saito Kinen Festival en Xapón e dirixiu a orquestra e ensembles do festival en xira por Xapón e China. Gústalle traballar con mozos e ten levado a batuta da Orchestra Giovanile Italiana de Fiesole, a Xove Orquestra Filharmónica de Israel, Orquestra e Coro Giovanile de Santa Cecilia con *Edipo en Colono* (con motivo da celebración de “Colosseo 2000”, coa execución dun concerto no Coliseo de Roma por primeira vez en 1.500 anos). Recibiu o “Premio Internazionale Ultimo 900 Pisa 2000 Nel Mondo” en 2004. Dende setembro de 2014 é director musical da Camerata Strumentale “Città di Prato”, orquestra coa que colabora con regularidade dende 2002. E dende outubro de 2016 é principal director invitado da Real Filharmonía de Galicia.

ALEXANDRE KANTOROW

Piano

Recibe ensinanzas de Pierre-Alain Volondat, na Schola Cantorum con Igor Lazko; e consellos de Jacques Rouvier, Jean-Philippe Collard, Georges Pludermacher, Théodore Parashivesco e Christian Ivaldi; e, finalmente, ingresa no Conservatorio Superior de París con Frank Braley. Tras obter varios primeiros premios en concursos internacionais debuta con Haruko Ueda no Festival de Taverny, co seu pai Jean-Jacques Kantorow no Festival de la Vézère e con varias orquestras como a Orquestra de Cámara de Burdeos, a Sinfónica de Orleans e a Orquestra de Kaunas en Lituania.

Foi convidado ao festival La Folle Journée de Nantes coa Sinfonía Varsovia, a tocar con agrupacións como a Orquestra de Picardie cun programa centrado en Liszt, a Orquestra Filharmónica de Kansai (Xapón), Sinfónica de Taipei (China) ou a Orquestra de Douai (Francia).

Recentes e próximos compromisos inclúen a Orquestra de Cámara de Xenebra, Orquestra Padeloup en París, Orquestra de Douai no Festival des Forêts, Festival de Vézère, Festival de Belaye, Taipei, Osaka con Augustin Dumay e a Sinfónica de Kansai. Ofrecerá un recital en Cambridge e unha serie de seis concertos coa Orquestra Filharmónica dos Países do Loira en Nantes. Fixo o seu debut en España no “Ciclo de Jóvenes Pianistas” de Scherzo e tamén participou no “Ciclo de Piano Rafael Orozco”; tocará ademais na Fundación March.

En 2014 gravou o seu primeiro CD de sonatas francesas inéditas para violín e piano co seu pai para o selo NoMadMusic. En 2015 iniciou unha colaboración co selo sueco BIS Records, co que publicou o seu segundo e terceiro disco: os *Concertos de Liszt* coa Tapiola Sinfonietta e J.-J. Kantorow; e *À la russe*, de piano solo, con obras de Rachmaninov, Chaikovski, Stravinski e Balakirev. Proximamente, de novo con Jean-Jacques Kantorow e Tapiola, sairá un novo disco cos *Concertos para piano núm. 4 e 5* de Saint-Saëns.

Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 – Viena, 1791)
Música para un funeral masónico en do menor, KV. 477
(479º)

Con 28 anos W. A. Mozart, seducido pola novidade e dimensión dos principios masónicos que descubriu a través do seu benfeitor Otto Heinrich von Gemmingen, ingresou na Orde do Gran Arquitecto do Universo e acadou, en 1785, o grao de mestre na loxa A Beneficencia de Viena. Convertido nun irmán entusiasta, empeñou o seu talento musical na composición de partituras inspiradas na filosofía masónica e na beleza do ritual. A partir da ética e a linguaxe simbólica propia da irmandade, a produción musical masónica de Mozart, pode presentarse en dúas seccións: unha comprende as obras dirixidas aos masóns e compostas para seren interpretadas nas reunións de loxa e outra que abrangue pezas inspiradas nos valores e ritos masónicos pero orientadas a un público profano. O orixinalísimo adaxio *Música para un funeral masónico, K. 477* está escrito inicialmente a mediados de 1785 como música ritual na elevación ao grao de mestre, último chanzo da masonería simbólica, e foi estreado na versión definitiva nas cerimoniais fúnebres dos masóns conde Esterhazy e o duque G. A. von Mecklenburg, falecidos nese ano. É unha obra dotada de gran forza expresiva cuxo carácter funerario crea unha interesante vinculación entre a reflexión musical da morte como tal e o grao de mestre. A peza ofrece unha excelente orquestración, destacando a forza dos rexistros graves e a brillantez contida que sobre eles acada o resto da orquestra. Comeza cunha serie de graves dos que xorde unha fermosa melodía que leva a un cume sonoro. O volume sonoro sobe e baixa e vese amparado por un suave e inalterable ritmo que achega un certo carácter procesional ou de chegada a un final. Tras un momento de calma volve o tema inicial máis enérxico e rítmico, despréganse as voces orquestrais e percorren xuntas con decisión o tema final tráxico e triunfal.

Camille Saint-Saëns (París, 1835 - Alxer, 1921)
Concerto núm. 4 para piano e orquestra en do menor, op. 44

Fundador da Sociedade Nacional de Música Camille Saint-Saëns, ademais de respectado compositor extraordinariamente produtivo, cun catálogo con máis de trescentas obras de todos os xéneros, foi reputado pianista, organista, clavecinista, pedagogo, musicólogo, caricaturista, ensaísta e viaxeiro incansable. Berlioz chegou a dicir tras a estrea da súa primeira obra en 1853 “Sábeo todo, pero fáltalle experiencia”. Catorce anos despois a opinión mudara e acertou coa súa definición “un pianista fulminante e un dos grandes músicos da nosa época” pois Saint-Saëns distánciase claramente dos esquemas formais consagrados pola tradición apropiándose dos modelos clásicos de xeito moi persoal nas súas sinfonías, concertos e sonatas, cunha linguaxe que utilizaba harmonías de inspiración wagneriana aínda que privadas de excesivos cromatismos. Os concertos para piano de Saint-Saens son especialmente importantes entre as súas partituras orquestrais e, en concreto, un dos máis particulares é este *Concerto para piano en do menor* de gran mestría no tratamento da orquestra, lúcido desenvolvemento e virtuosismo, que se amosa envolto nun certo desencanto e nun sentimentalismo conmovedor.

Aparentemente relacionado coa Terceira Sinfonía, a pesar de telo rematado en 1875, ambas as obras están construídas en dúas seccións principais subdivididas. O *Allegro moderato* abre cun sutil tema dividido en dúas partes distintas cuxo deseño en si, e o das variacións que seguen, resume a equidade de trato do compositor para piano e orquestra. No *Andante* unha serena melodía coral, introducida silenciosamente polo vento-madeira, trátase a posteriori de xeito máis grandioso. A conclusión da primeira parte é unha pasaxe notable que ven acompañada pola cadencia e a triunfal sección final está dominada pola reiteración da melodía coral orixinal. O concerto conclúe co piano guiando á orquestra nun fortísimo final.

Piotr Ilich Chaikovski (Votkinsk, Rusia, 1840 - San Petersburgo, 1893)

Sinfonía núm. 2 en do menor, op. 17 "Pequena Rusia"

En 1871, Chaikovski pasa o verán na casa familiar en Kamiatka, preto de Odesa, desde onde viaxa a Kiev e Crimea e recolle melodías do folclore de Ucraína, coñecida naquel entón polos tsares como Pequena Rusia. Ao ano seguinte, en recordo dese periplo, comporá a súa *Sinfonía núm. 2 en do menor op. 17*, subtitulada por el crítico Nicholas Kashkin 'Pequena Rusia'. Esta obra achega ao oínte ao Chaikovski máis próximo ao Grupo dos Cinco formado por Balakirev, Borodin, Cui, Mussorgski e Rimski-Korsakov quen, de feito, foi o primeiro en admirar e eloxiar a incorporación do folclore como técnica compositiva xunto a recursos rítmicos populares tal e como sucede nesta sinfonía, a máis breve de Chaikovski. Un *solo* de trompa que entoa a canción ucraína "As augas do Volga" abre o *Andante sostenuto - Allegro comodo*. O fagot e a corda con sordina retoman a canción que se repite con diversas harmonizacións e cores nas madeiras. O *Allegro cómodo*, interpretado polo *tutti* orquestral presenta un novo tema de carácter ruso que se combinará contrapuntisticamente coa canción do Volga, nun movemento de grande imaxinación da cor e unha rixida organización estrutural. A melodía da trompa pecha este tempo con certa nostalgia. O segundo movemento, extraído da *Marcha nupcial* da inacabada ópera *Ondine*, ofrece unha delicada orquestración nas madeiras e alegres contratempos rítmicos. O *Scherzo* é basicamente beethoveniano, cun contraste rítmico na sección intermedia. A parte máis salientable da sinfonía é o cuarto movemento que inclúe un primeiro tema solemne, un aire de Kiev, que máis tarde recolle Mussorgski para os *Cadros dunha exposición* e sobre a que Chaikovski vertebra o movemento. A canción ucraína "A grúa" é o tema do *Allegro vivo*, presentada nas cordas e de carácter lírico combínase cun rico contrapunto e con cambios de tempo e dinámica. Esta é a maneira na que Chaikovski plasma o ideal nacionalista ruso: erixe un mundo sinfónico a partir da canción tradicional.

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia
@CCultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

Xoves 1 de marzo, 2018 20,30 h

Real Filharmonía de Galicia
Vicent Alberola, director e clarinete
Paquito d'Rivera, saxofón e clarinete
Pepe Rivero Trío, trío de jazz

P. D'Rivera: *The elephant and the clown*
(poema sinfónico para orquestra dedicado a
Gaby, Fofó e Miliki)

P. D'Rivera: *Cape Cod Concerto*

W. A. Mozart / P. D'Rivera: *Adagio*

A. Piazzolla: *Revirado, Oblivion e Libertango*

P. D'Rivera: *Contradanza e Vals venezolano*

Varios compositores e arreglistas: *To bird*
with strings (suite sobre temas interpretados
por Charlie "Bird" Parker)

Xoves 8 de marzo, 2018 20,30 h

Orquesta Sinfónica del Principado de
Asturias

Rossen Milanov, director

Leila Josefowicz, violín

L. Bernstein, *Divertimento*

B. A. Zimmermann, *Concerto para violín*

S. Prokofiev, *Sinfonía núm. 5 en si bemol*
maior op. 100'



A cafetería permanecerá aberta ao remate do
concerto.

Cómpre retirar os vehículos do garaxe trala fin do
espectáculo.
